


Informe de resultados

Avaliación da satisfacción do estudantado de
doutoramento

2025

Programa de Medición da Satisfacción
Doutoramento
2022/23 a 2025/26



Índice

I Introducción	3
II Participación	5
III Resultados de satisfacción	8
IV Resultados cualitativos	11
V Conclusiones	11
VI Análise de Expectativas	12
VII Anexos	12

1 Introducción

Presentación do informe

A garantía da calidade dos centros da Universidade de Vigo e das súas titulacións adscritas establece que, para xestionar esta con criterios de excelencia, é preciso recoller información sobre a satisfacción dos seus grupos de interese relevantes.

A avaliación dos usuarios/as ou grupos de interese é unha ferramenta recoñecida e empregada de xeito cada vez máis xeneralizado nas Administracións Públicas como unha fonte de información moi útil para mellorar o servizo prestado. Tamén, os Criterios e Directrices para a garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior establecidos por ENQA ([ESG/ENQA 2015](#)) identifican e recoñecen a súa importancia.

O programa de Medición da satisfacción orientado aos grupos de interese dos estudos de doutoramento da Escola Internacional de Doutoramento (Eido) é un eixo de traballo posto en marcha en 2017 para implantar e mellorar a xestión da calidade en doutoramento, que ten unha estreita relación cos demais programas de calidade da Escola (o SGC, os programas de verificación, seguimento, modificación e acreditación dos programas de doutoramento, o programa HR Excelencia na Investigación).

A [Estratexia da Eido 2022/26](#) integra a participación, a oferta formativa con altos niveis de calidade e a consolidación da cultura de calidade como liñas estratéxicas de actuación e, en coherencia, a mellora da satisfacción de todos os axentes da formación doutoral como un dos seus obxectivos de calidade.

Así, a Comisión de Calidade da Eido aprobou, en xullo de 2023, un novo ciclo de actividades de avaliación que abrangue ata o curso 2025/26. Esta planificación identificou:

- os obxectivos da medición,
- os grupos de interese relevantes para avaliar,
- o itinerario operativo (programación temporal) da realización das avaliacións, e
- as metodoloxías para levalas a cabo.

O estudantado de doutoramento constitúe un destes grupos de interese relevantes.

Datos descriptivos do informe

Responsabilidades:

- A Área de Calidade é responsable da súa elaboración
- A dirección da Eido é responsable da análise previa da información e da presentación na Comisión de Calidade da Eido
- A Comisión de Calidade da Eido é responsable da súa análise e avaliación para a toma de accións de mellora.

Data de elaboración: decembro 2025

Publicación e difusión dos resultados: Portal de transparencia da UVigo, tras análise na Comisión de Calidade.

Descrición da medición

Obxectivo da avaliación: obter información útil relativa á satisfacción dos/as doutorandos/as respecto dos PD para mellorar a calidade destes, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

Alcance: todos os PD activos adscritos á Eido (41 PD máis os 6 en extinción). A listaxe destes PD pode atoparse nas táboas de datos.

Poboación avaliada:

- Estudiantado matriculado de 1º ano no 2023/24: 407 persoas
- Estudiantado matriculado de 3º ano no 2023/24: 275 persoas

Metodoloxía temporalidade: enquisa de satisfacción mediante un cuestionario auto-administrado dispoñible en liña (aplicación informática LimeSurvey), programada para outubro de 2025. Non hai cambios no cuestionario en relación ao ano anterior.

- Máis información sobre a metodoloxía da medición na Ficha técnica (anexo 1) e no Cuestionario de avaliación (anexo 2).

II Participación

Actividades de comunicación e difusión

-Mensaxes informativas previas → Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

-08.10.2025 destinadas aos coordinadores/as dos PD

-13.10.2025 listas de correo de avisos, app e web

-14.10.2025 MOOVI: Espazo Coordinación de doutoramentos → Dirección da Eido.

-Promoción en redes sociais da UVigo: 20.10, 3 e 11.11.2025 → Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

-Novas de Calidade: Enquisa de satisfacción do estudantado cos programas de doutoramento 2025. Inclúe unha presentación con información sintética sobre o histórico de resultados e sobre accións tomadas como resultado das enquisas anteriores.

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/novas/enquisa-satisfaccion-estudiantado-cos-programas-doutoramento-2025>

Esta nova incluíu unha presentación sobre os aspectos máis relevantes das avaliacións previas desde 2015: datos máis relevantes e accións de mellora derivadas dos resultados das enquisas (anexo 7).

-Seguimento nas CAPDs: a Dirección da Eido traslada ás CAPDs a necesidade de promover a participación.

Enquisa de satisfacción do estudantado
cos programas de doutoramento 2025



Período efectivo de recollida de datos


A aplicación LimeSurvey estivo aberta para cubrir o cuestionario entre os días

13 de outubro – 16 novembro de 2025 (ambos os dous incluídos)

Resultados de participación

-1º ano: 208 respostas efectivas sobre a poboación de 407 persoas → **Taxa de participación = 51,11%**


Lixeiro aumento en relación á medición anterior (2024), con tendencia á estabilización en valores elevados superiores ao 50%.



[Taxas de participación e tendencia históricas, 1º ano]

-3º ano: 121 respostas efectivas sobre a poboación de 275 persoas → **Taxa de participación = 44,00%**

Na liña de anos anteriores, participación arredor de 5 puntos inferior a 1º ano, con tendencia a estabilizar en valores elevados do 45%.



[Taxas de participación e tendencia históricas, 3º ano]

Participación por PD

A segregación por PD debe considerar o baixo rango de poboación dos participantes en cada PD, que oscila entre 1-31 persoas en 1º ano, sendo máis acusado en 3º ano, entre 1-16 persoas.

En 1º e 3º ano, o PD en Nanomedicina non ten poboación. Tampouco o PD en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces en 1º. Incorpóranse por primeira vez, en 3º, os PD en Ciencias Sociais e Envellecemento, e Matemáticas e Aplicacións.

Considerando o 35% un valor de participación aceptable, superan este limiar 31 dos 40 PD (un 77,5%) con matrícula en 1º ano e 25 dos 40 PD (un 62,5%) con matrícula en 3º ano, o que supón unha lixeira mellora en ambos casos respecto de 2024.

Destacan pola moi alta participación en 1º e 3º ano os PD Ecosistemas Terrestres, PD Usos Sustentables e Implicacións Ambientais (ETUSIA) e PD Turismo; o PD Sistemas de Software (SSIA), PD Tradución e Paratradución, PD Estudos Ingleses Avanzados, PD Análise Económica, e PD Xeotecnoloxías Aplicadas en 1º ano; e PD Láser, Fotónica e Visión, PD Equidade, PD Educación, Deporte e Saúde, PD Comunicación, PD Protección do Patrimonio en 3º ano, en xeral, case todos con bos resultados históricos.

Por contra, o PD Estatística e Investigación Operativa en 1º e 3º, o PD Neurociencia e Psicoloxía Clínica, , PD Matemáticas e Aplicacións en 1º e o PD Estudos Literarios e PD Tradución e Paratradución, en 3º, todos con nula participación.

- Máis información: Táboas de datos de 1º e 3º (anexos 3 e 4).

III Resultados de satisfacción

Resultados globais

En liñas xerais, as tendencias continúan a mellorar.

1º ano → Grao de satisfacción = 4,18 / 5.

Aínda que lixeiramente, mantense a tendencia ascendente en 1º ano, mellorando o 4,13 o ano anterior. Desde o curso 2019/20, os resultados móvense arredor do 4,15 (*Satisfactorio* na escala de valoración), o que indica un posicionamento na zona positiva da escala de valoración –área de satisfacción-. O incremento supón unha mellora de máis dun 15% desde o resultado da primeira enquisa en doutoramento, 3,83 (*Acceptable*, zona central da escala), realizada no 2015/16.



[Índice de satisfacción, tendencia histórica e obxectivo de calidade, 1º ano]

3º ano → Grao de satisfacción = 3,96 / 5.

Situación semellante en 3º ano, mellorando o 3,93 o ano anterior. Tamén, desde o curso 2019/20, os resultados móvense arredor do 3,90 (*Acceptable* na escala de valoración, moi preto do valor *Satisfactorio*), o que indica un posicionamento moi próximo á zona positiva da escala. Se tomamos de novo como referencia o curso 2015/16, o

incremento supón unha mellora algo menor, de case un 12% desde o resultado inicial de 3,49 (*Acceptable*, zona central da escala).



[Índice de satisfacción, tendencia histórica e obxectivo de calidade, 3º ano]

Ambos os dous resultados, 1º e 3º ano, superan o obxectivo de calidade previsto para 2025, un 3,95, aínda que con pouca marxe en 3º ano.

Satisfacción por PD

Por programas, 28 PD superan o obxectivo de calidade (un 80%) PD en 1º, e 25 PD (un 69,4%), resultados semellantes ao ano anterior en 1º e inferiores en 3º ano.

Destacan, pola súa moi alta satisfacción (igual ou superior a 4,5/5) o PD Biotecnoloxía Avanzada en 1º e 3º ano, os PD Ciencias da Educación e do Comportamento, PD Ciencias do Deporte, PD Tradución e Paratradución, PD Estudos Ingleses Avanzados, , PD Eficiencia Enerxética, PD Tecnoloxía Aeroespacial, PD Xestión e Resolución de Conflitos e PD Física Aplicada en 1º ano, e o PD Turismo, PD SSIA, PD Ordenación Xurídica do Mercado, PD Protección do Patrimonio Cultural e PD Investigación en Tecnoloxías Avanzadas en 3º ano.

Algúns destes PD manteñen os resultados moi positivos de anos anteriores: PD Biotecnoloxía Avanzada, PD Ciencias do Deporte, PD Xestión e Resolución de Conflitos, PD Investigación en Tecnoloxías Avanzadas.

Ao contrario, obteñen valores inferiores a 3/5 (rango negativo da escala ou área de insatisfacción), os PD Neurociencia, PD Estudos Lingüísticos, PD Métodos Matemáticos e PD Matemáticas e Aplicacións, todos en 3º ano. Polos resultados de anos anteriores, estes resultados semellan conxunturais.

Satisfacción por temáticas

Por seccións, os aspectos máis valorados seguen a ser, como en anos anteriores, os recursos humanos (4,47 en 1º e 4,30 en 3º), a oferta formativa (4,49 en 1º ano e 4,14 en 3º ano). Tanto os recursos materiais (4,11 en 1º ano e 4,12 en 3º) como os procedementos administrativos (3,97 en 1º ano) superan o obxectivo de calidade, con valores en tendencia á mellora (valores *Satisfactorios* con tendencia a *Moi satisfactorios*).

Pola contra, a sección de información e orientación xeral do programa (3,71 en 1º ano e 3,56 en 3º ano) non acada o obxectivo, aínda que con tendencia á mellora. Tampouco a dos procedementos administrativos en 3º ano (3,84), máis estabilizada.

Por temáticas (preguntas), os aspectos mellor valorados, xa no rango *Moi satisfactorio*, seguen a ser a dirección e tutorización da tese (4,67 e 4,60 respectivamente) e o fomento da crítica científica (4,54), todo en 1º ano.

Debaixo do obxectivo de calidade quedan a orientación profesional (3,10 en 3º ano) información sobre o sistema de bolsas/contratos para estudantes (3,45 en 1º ano e 3,34 en 3º) e os trámites administrativos sobre a defensa da tese (3,53 en 3º), os trámites informáticos asociados ao documento de actividades (3,83 en 1º) e ao plan de investigación (3,94 en 1º e 3,65 en 3º), a oferta formativa do PD (3,68 en 3º), a información sobre as mencións (3,69 en 3º), sobre as modalidades de presentación da tese (3,70 en 3º), as avaliacións anuais (3,72 en 3º). En xeral, mellóranse os resultados de anos anteriores, pero non o suficiente.

IV Resultados cualitativos

As temáticas que máis se comentan, en termos de mellora, son as relacionadas con:

- os mecanismos de supervisión dos doutorandos (relación co titor e director de tese)
- as actividades formativas (actualización, prazos, información e facilidades de matrícula noutros programas de doutoramento, posibilidade de impartición en inglés, rexistro da realización da actividade)
- información sobre procedementos administrativo/académicos relevantes
- funcionamento do portal académico
- maior información e dispoñibilidade de financiamento pre-doutoral
- orientación laboral e financiamento post-doutoral
- información para estudantes estranxeiros

V Conclusións

- Os resultados de participación globais mantéñense en taxas altas (> 40/50%), con certa estabilidade
- Resultados de satisfacción globais en lixeiro aumento, no tramo positivo da escala (*Satisfactorio*), acadando o obxectivo de calidade programado
- Por programas, 8/10 en 1º e 7/10 en 3º superan o obxectivo de calidade
- Por temáticas, os resultados cuantitativos indican valoración positivas da oferta formativa e dos recursos humanos (dirección e titorización de tese de doutoramento), se ben os cualitativos suxiren que os procesos de supervisión dos doutorandos son mellorables. Tamén, nesta liña, os resultados cualitativos confirman capacidade de mellora na infraestrutura virtual, na necesidade dun maior financiamento e nos mecanismos de información e orientación, sobre todo profesional.

En termos de recomendacións, suxírese mellorar os mecanismos de divulgación da realización da enquisa co obxecto de acadar unha maior harmonización nos resultados de participación entre PD, sobre todo ao nivel das CAPD.

Non se produciron incidencias significativas durante o proceso.

VI Análise de Expectativas

Tal e como se establece no procedemento de Avaliación da Satisfacción, recoméndase realizar, cando menos, unha consulta sobre necesidades e expectativas a cada grupo de interese no ciclo estratéxico (actual 2022-2026).

Os resultados desta consulta indican o seguinte:

-Posibles elementos con expectativa destacable (para engadir)

-1º ano: actividades formativas, apoio á diversidade (atención e inclusión)

-3º ano: discapacidade (atención e inclusión)

En ambos os dous casos, estas cuestións afectan a menos do 1,5% das respostas.

-Posibles elementos con expectativa para eliminar

-1º ano: ~

-3º ano: -

VII Anexos

Anexo 1: Ficha técnica

Anexo 2: Cuestionario de satisfacción

Anexo 3: Táboas de datos cuantitativos (1º ano)

Anexo 4: Táboas de datos cuantitativos (3º ano)

Anexo 5: Táboas de datos cualitativos (1º e 3º ano)

Anexo 6: Análise de expectativas

Anexo 7: Presentación Avaliación do estudantado 2024_25